

# Grupo A outubro 24- xaneiro 25

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL ROSALÍA DE CASTRO.

SANTA CRUZ



## MONOGRÁFICO DE IDENTIDADE E ESPAZOS: OUTRAS FORMAS DE AMAR.

*A literatura é un discurso privilexiado á hora de ler, pensar e entender a identidade. A propia, a allea, a construción subxectiva dos mundos que a cada un representan e se presentan como verdadeiros, posibles, ou reais.*

### **LIBRO 1: TODO CUANTO AMÉ, de Siri Hustvedt. 22/10/24**

A novela emblemática de Siri Hustvedt, o seu fito literario. Unha brillante historia que combina a intimidade dunha saga familiar co suspense dun thriller, e que nos fala da arte, o amor, a perda e a traizón.

### **LIBRO 2: UN VIEJO QUE LEÍA NOVELAS DE AMOR, de Luis Sepúlveda. 05/11/2024**

Antonio José Bolívar Proaño vive en El Idilio, unha localidade remota na rexión amazónica dos indios shuar (mal chamados xíbaros), con eles aprendeu a coñecer a Selva e as súas leis, a respectar os animais e aos indíxenas que a poboan, pero tamén a cazar o temible “tigrillo” como ningún branco xamais puido facelo. Un bo día decidiu ler con paixón as novelas de amor -«do verdadeiro, do que fai sufrir»- que dúas veces ao ano lle leva o dentista Rubicundo Loachamín para distraer as solitarias noites ecuatoriais da súa incipiente vellez.

### **LIBRO 3: O ÚNICO QUE QUEDA É O AMOR, de A. Fernández Paz. 19/11/2024**

Hai unha trama de fíos invisibles que une as vidas dos personaxes deste novo libro de relatos de Agustín Fernández Paz, ilustrado por Pablo Auladell: Diana, Sara, Pablo, Laura, Adrián... todos se namoran e descubren que o amor é un sentimento poderosísimo, capaz de transformalos por enteiro e facerlles ver a vida doutro xeito. Mais tamén experimentan a amargura do desamor, ou da ausencia, ou dos amores rotos. O amor en todas as súas variantes: desde o primeiro amor adolescente ata o que se mantén máis alá da morte.

#### LIBRO 4: LA NIETA DEL SEÑOR LINH, de Philippe Claudel. 03/12/2024

Unha fría mañá de novembro, tras unha penosa viaxe en barco, un ancián desembarca nun país que podería ser Francia, onde non coñece a ninguén e cuxa lingua ignora. O señor Linh foxe dunha guerra que acabou coa súa familia e esnaquizou a súa aldea. A guerra rouboulle todo menos á súa neta, un bebé chamado Sang Diu, que no seu idioma significa «Mañá doce», unha nena tranquila que dorme sempre que o avó tararee a súa nana, a melodía que cantaron durante xeracións as mulleres da familia.

#### LIBRO 5: LA MUJER HELADA, de Annie Ernaux. 17/12/2024

Ten trinta anos, é profesora, casada cun executivo, nai de dous nenos. Vive nunha casa comfortable. Con todo, é unha muller xeadada. Igual que miles de mulleres sentiu como a súa curiosidade e o seu impulso vital íanse anquilosando a forza dun traballo que compaxinar con compras que facer, ceas que cociñar, baños de nenos que preparar. Todo iso que se entende pola condición normal da muller. Annie Ernaux conta brillantemente esta alteración do cotián, este empobrecemento das sensacións, esta dilución da identidade; escravitude á que as mulleres son empuxadas como a un desafío.

#### LIBRO 6: CANCIONES DE AMOR A QUEMARROPA, de Nickolas Butler 21/01/2025

Un relato maravilloso, emotivo e profundo que trata dun vello tema: podemos sentirnos algunha vez realmente na casa? Unha novela sobre as cousas que importan: o amor e a lealdade, o poder da música e a beleza da natureza.

BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO  
DE OLEIROS/TERTULIAS LITERARIAS DE  
*OUTUBRO 24 XANEIRO 25*

/ BIBLIOTECA P. MUNICIPAL  
ROSALÍA DE CASTRO. SANTA  
CRUZ.

**GRUPO A**